



Espectáculo 'Só mais uma gaivota', da compañía portuguesa Formiga Atómica.

—Análise

O espírito de Chejov



Vanesa Sotelo
Dramaturga

"Son precisas formas novas, senón o mellor é non facer nada". É unha das réplicas que lle dá Tréplev a Sorin, dúas das personaxes de *A gaivota*, un dos clásicos do teatro occidental. Presentada en 1896, pasou case século e medio desde que Anton Chejov concibiu esta peza na que as conversas aparentemente indolentes dos seus habitantes seguen a fascinar o público e creadoras e coa que a sociedade actual consegue confrontarse e identificarse. Proba disto foron os catro espectáculos que levaron a escena, adaptaron ou dialogaron abertamente con esta obra durante o Festival de Almada.

O espírito de Chejov estivo presente en espectáculos como *Ansioliticamente falando*, co que a creadora Raquel Castro aborda a ansiedade contemporánea —e a precariedade do sector— a partir das dificultades que emerxen durante o proceso creativo de *A gaivota*. O texto é tamén un dos puntos de partida de *La lettre*, espectáculo no que o director suízo Milo Rau propón un dispositivo onde as vidas das súas protagonistas se entrelazan coas obsesións —unha delas a figura de Nina, de *A gaivota*— e na que mortos e ausentes gañan presenza mediante rexistros sonoros e a colaboración da IA. *Só mais uma gaivota*, da compañía Formiga atómica foi outro dos títulos congregados no marco do festival e co que Miguel Fragata abre diálogo coa súa mesma promoción de intérpretes dentro dun cruce entre realidade e ficción que permite pensar a historia recente. Por último, o francés Christian Benedetti conclúe a nómina de propostas cunha peza que "interroga as nosas capacidades, os nosos medios e as nosas obrigas", mais sendo consciente de que

— Neste momento de colapso líbrase sempre a mesma batalla: a das xeracións que se negan verse superadas

alterar a forma de facer teatro non é suficiente se non se consegue alterar o punto de vista do espectador.

Ás diferentes "gaivotas" presentes sobre o escenario almadense sumáronse as perspectivas de creadores e creadoras portuguesas que nalgún momento se cruzaron con este clásico ofrecendo unha mirada de conxunto e un exercicio de memoria viva na mesa redonda deseñada para o espazo de reflexión que constitúen os Encontros da Cerca. Foi o caso da dramaturga Graça P. Corrêa, quen resaltou tanto a beleza do Chejov como seu apurado sentido cómico dentro do espírito trágico que o envolve. De igual modo, na mesa foi posible aproximarse á perspectiva coa que a actriz e directora Rita Calçada Bastos se achegou á peza desde o paradigma da actriz que aos vinte anos consideraba que ía acadar certas metas mais que aos corenta se atopa cunha realidade diferente e que, despois da súa maternidade, lle permitiu reconciliarse coa escena. Ademais, tamén contribuíu coa súa experiencia ao redor de *A gaivota*, o director e coreógrafo Víc-

tor Hugo Pontes quen, en 2016, abordou as tensións físicas que atravesan a peza co espectáculo *Se alguma vez precisares da minha vida vem e toma-a* e onde destacou o desafío de pensar e presentar novas formas para a escena. Mais aínda había espazo para máis Chejov en Almada e este foi o reservado para unha das súas obras de xuventude. O director alemán Peter Stein presentou *Platónov* subliñando a incapacidade do ser humano para atopar o seu lugar nun mundo materialista e decadente.

Posiblemente, a fascinación e a pertinencia de Chejov hoxe non deixe de ser outra que o retrato da impotencia e a incapacidade do ser humano á hora de xestionar a súa vida, así como a súa trágica consciencia de finitude. Despois de todo, o texto que Tréplev escribe para Nina non dista moito do que guía moitas conversas dos diferentes personaxes que se proxectan séculos despois do seu tempo: "Vidas que xirastes sobre a vosa triste órbita e que vos apagastes...! Hai xa mil séculos que a terra non garda nin un só ser vivo, e que esta pobre lúa acende en van o seu farol!".

A esencia chejoviana no teatro galego

Neste momento de colapso, da fin dun mundo tantas veces anunciada e materializada, líbrase sempre a mesma batalla: a das xeracións que se negan verse superadas, a dos modelos de sociedade que se negan a ver superados e a de ilusións e paisaxes que se negan a desaparecer. Recentemente tivemos a oportunidade de gozar de toda esta esencia chejoviana no teatro galego con *O espírito de Vania* que xogan exquisitamente Machi Salgado e Rubén Abad baixo a dirección de Carlos Álvarez Ossorio e que rememora aquel celebrado *Tío Vania* que Factoría Teatro estreara baixo a dirección de Cristina Domínguez en 2005. A día de hoxe preséntase outro Chejov sobre o horizonte: *A gaivota, ensaio aberto*, a proposta de Santiago Cortegoso e Neto Portela para a nova tempada do Centro Dramático Galego. Unha oportunidade para atopar o sentido do humano nun tempo atravesado polo inverosímil e o inevitable e na procura de novas formas de ver e representar o mundo.